

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: As renovacións poéticas europeas de finais do século XIX: simbolismo, parnasianismo... (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	Sagas alemás	W. Shakespeare	Teatro do absurdo, s. XX
2	Romeo e Xulieta	Gustave Flaubert	Romanticismo
3	A metamorfose	Samuel Beckett	Teatro isabelino
4	Madame Bovary	Os irmáns Grimm	Realismo
5	Agardando a Godot	Franz Kafka	Literatura alemá do XX

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
 - 3.1 Mary Shelley e a súa época (1 punto)
 - 3.2 Faga unha breve exposición sobre a autora e a súa produción literaria, atendendo á obra seleccionada (1 punto)
 - 3.3 Expoña o tema do fragmento e relación con outros aspectos importantes da obra: cuestións como a teoría do bo salvaxe, o papel da natureza etc. (2 puntos)
 - 3.4 Analice as características formais do fragmento e obra (1,5 puntos)
 - 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica desta selección e da obra (0,5 punto)
 - 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

¡Maldito, maldito creador! ¿Por que tiven que vivir? ¿Por que non apaguei nese intre a chispa da existencia que ti tan gratuitamente me outorgaras? Non sei; aínda non se apoderara de min a desesperación; os meus sentimentos eran de carraxe e vinganza. Con pracer destruíría a casa e máis os seus moradores e quedaría satisfeito cos seus berros e os seus padecementos.

Cando chegou a noite, deixei o meu agocho e vaguei pola fraga; e agora, que non me sentía freado polo temor a ser descuberto, desabafei a miña angustia con terribles alaridos. Era como unha besta brava que, rompida a rede, caneaba polo bosque coa velocidade dun veado destruindo todo canto obxecto me obstruía. ¡Oh, que triste noite pasei! As estrelas frías brillaban burlándose de min e as árbores núas axitaban as ponlas por riba miña; de cando en vez a doce voz dun paxaro estoupaba en medio da universal quietude. Todos, non sendo eu, estaban en paz ou felices; eu, coma o maligno, levaba un inferno dentro de min; e, non atopando ninguén que me comprendese, desexaba arrincar as árbores, espallar o estrago e a destrución ao meu redor, para despois compracerme na ruína. (...) desde aquel intre declarei guerra eterna contra a especie, e, por riba de todos, contra aquel que me formara e me condenara a tan insoportables sufrimentos.

Mary Shelley, *Frankenstein ou o Moderno Prometeo*. Trad. de F. R. Tato Plaza

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN B

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: Teatro clásico europeo. O teatro isabelino en Inglaterra (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	A Divina Comedia	Catulo	Romanticismo
2	Carmina	León Tolstói	Realismo
3	Anna Karenina	Emily Brontë	Teatro do absurdo, s. XX
4	Cumes borrascosos	Eugène Ionesco	Renacemento
5	A cantante calva	Dante Allighieri	Lírica latina

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
 - 3.1 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
 - 3.2 A produción literaria de Pessoa, as súas peculiaridades, e importancia de *Poemas de Alberto Caeiro* no conxunto da súa obra (1 punto)
 - 3.3 Explique o tema que trata este poema e a súa relación coa totalidade da obra: a esencia das cousas, a existencia real, a actitude do eu poético etc. (2 puntos)
 - 3.4 Analice as características formais do poema: recursos métricos, estilísticos, retóricos etc. (1,5 puntos)
 - 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica do poema e do poemario ao que pertence (0,5 punto)
 - 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

Hai bastante metafísica en non pensar en nada.

Que penso eu do mundo?
Eu que sei o que penso do mundo!
Se enfermase pensaría niso.

Que idea teño eu das cousas?
Que opinión teño sobre as causas e os efectos?
Que teño meditado sobre Deus e a alma?
E sobre a creación do Mundo?

Non sei. Para min pensar niso é pechar os ollos
E non pensar. É correr as cortinas
Da miña xanela (pero non ten cortinas).

O misterio das cousas? Que sei eu o que é misterio!
O único misterio é que haxa quen pense no misterio.
[...]

Fernando Pessoa, *Poesía de Alberto Caeiro*

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: Teatro clásico europeo. O teatro isabelino en Inglaterra (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	Decamerón	G. Flaubert	Realismo
2	Madame Bovary	Lewis Carroll	Simbolismo
3	As flores do mal	Sófocles	Literatura medieval
4	Alicia no país das marabillas	G. Boccaccio	Literatura grega
5	Edipo Rei	Ch. Baudelaire	Literatura inglesa da época victoriana

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
 - 3.1 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
 - 3.2 Faga unha breve exposición sobre o autor e a súa produción literaria, atendendo á obra seleccionada (1 punto)
 - 3.3 Expoña o tema do fragmento e relacióneo con outros aspectos importantes da obra: a reflexión existencial, a tortura, a intelixencia, o motivo do xadrez, caracterización dos personaxes etc. (2 puntos)
 - 3.4 Analice as características formais do fragmento e obra (1,5 puntos)
 - 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica desta selección e da obra no seu conxunto (0,5 punto)
 - 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

Volveuse despois cara a nós:

-Tamén lles teño que pregar a vostedes que me escusen. Pero, xa llelo advertín ó principio, que non debían esperar gran cousa de min. Perdoen se os ofendín: esta é a derradeira vez que proba sorte no xadrez.

Fixo unha reverencia e marchou, co mesmo xeito humilde e misterioso co que aparecera por primeira vez. Só eu sabía o porqué de que ese home nunca máis volveuse tocar un taboleiro de xadrez, mentres que os outros permaneceron un tanto confusos coa sensación incerta de teren escapado polos pelos de algo desagradable e perigoso.

-¡*Damned fool!* –fungou McConnor decepcionado.

O último en erguerse foi Czentovic, quen botou un ollo á partida que ficara sen rematar.

-Mágoa –dixo xeneroso–. O ataque non estaba nada mal disposto. Para tratarse dun afeccionado, hai que dicir que era un cabaleiro cun talento insólito.

Stefan Zweig, *Novela de xadrez*. Trad. de Patricia Buján e Saleta Fernández

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN B

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: A lírica do amor no Renacemento (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	Robinson Crusoe	Tolkien	Literatura alemá, século XX
2	As Metamorfoses	Günter Grass	Romanticismo
3	Os miserables	Ovidio	Literatura fantástica, século XX
4	O tambor de folla de lata	Víctor Hugo	Literatura latina
5	O señor dos aneis	Daniel Defoe	Novela de aventuras do XVIII

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):

3.7 Mary Shelley e a súa época (1 punto)

3.8 Faga unha breve exposición sobre a autora e a súa produción literaria, atendendo á obra seleccionada (1 punto)

3.9 Expoña o tema do fragmento e relacióneo con outros aspectos importantes da obra: cuestións como a teoría do bo salvaxe, o papel da natureza etc. (2 puntos)

3.10 Analice as características formais do fragmento e obra (1,5 puntos)

3.11 Faga unha valoración persoal e crítica desta selección e da obra na súa totalidade (0,5 punto)

3.12 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

¡Adeus! Déixote e contigo deixo o último ser da especie humana que estes ollos xamais verán. ¡Adeus, Frankenstein! Se aínda estiveses vivo e mantivése-la arela de satisfacer en min a túa vinganza, mellor a saciarías deixándome vivir que dándome morte. Pero non foi así; procuráche-la miña destrucción para que non puidese causar máis desgracias; e sen embargo, se dalgún xeito descoñecido para min non deixaches de pensar e sentir, non me podes desexar vinganza maior có mal que agora sinto. Por moi desgraciado que foses, a miña agonía foi meirande cá túa, pois o aguillón amargurante do remordemento non deixará de escravellar nas miñas feridas ata que a morte as peche para sempre.

Pero axiña –berrou cun mouco e solemne entusiasmo– hei morrer, e o que agora sinto non o sentirei máis. Axiña acabarán estes tormentos que me abrasan. Subirei triunfante á miña pira funeraria e exultarei na agonía das laparadas torturadoras. Cando a luz desta conflagración se extinga, os ventos varrerán as miñas cinsas e estraranas polo mar. O meu espírito durmirá en paz; ou se aínda pode seguir a pensar, a fe que non o dará deste xeito. Adeus.

Mary Shelley, *Frankenstein ou o Moderno Prometeo*. Trad. de F. R. Tato Plaza

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

PREGUNTA 1 (2 puntos)

OPCIÓN A

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto: acontecementos históricos, influencias, iniciativas...
- Información acerca dos temas e características estilísticas e formais das principais correntes poéticas a partir dos últimos anos do século XIX
- Introdución de exemplos de autores e obras representativas. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra

OPCIÓN B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto: acontecementos históricos, influencias, iniciativas...
- Información acerca dos temas e características máis relevantes do teatro clásico europeo e isabelino
- Introdución de exemplos de autores e obras. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra

PREGUNTA 2 (1 punto, 0,20 por resposta acertada)

Tanto nunha opción como na outra a resposta só puntuará no caso de que a relación entre os tres elementos sexa correcta.

Non penalizan as respostas incorrectas.

OPCIÓN A

1	A Divina Comedia	Dante Allighieri	Renacemento
2	Carmina	Catulo	Lírica latina
3	Anna Karenina	León Tolstói	Realismo
4	Cumes borrascosos	Emily Brontë	Romanticismo
5	A cantante calva	Eugène Ionesco	Teatro do absurdo, s. XX

OPCIÓN B

1	Sagas alemás	Os irmáns Grimm	Romanticismo
2	Romeo e Xulieta	W. Shakespeare	Teatro isabelino
3	A metamorfose	Franz Kafka	Literatura alemá do XX
4	Madame Bovary	Gustave Flaubert	Realismo
5	Agardando a Godot	Samuel Beckett	Teatro do absurdo, S. XX

PREGUNTA 3 (7 puntos)

OPCIÓN A e B

Os alumnos/as deberán realizar unha análise literaria a partir de criterios obxectivos e explícitos. O alumnado poderá seguir a estrutura das cuestións ou atender a estas nun comentario globalizado.

O estudante deberá saber situar o autor na súa época histórica e no período literario ao que pertence.

Criterios de Avaliación / Corrección

Deberá coñecer a obra á que pertence o fragmento e a produción literaria do autor/a.

O alumnado deberá concretar o tema do fragmento, comentalo, localizalo, aproximadamente, no fío argumental da obra e relacionalo co contido xeral.

O estudante describirá o texto de acordo a criterios de tipoloxía textual, xéneros e modalidades discursivas, e sinalará os recursos formais deste.

Por último o estudante elaborará un comentario crítico, persoal e argumentado sobre o fragmento ou poema proposto. Neste comentario valorarase positivamente a achega de xuízos e ideas coherentes que reflectan unha visión madura e non simplista do tema, tamén a inclusión de ideas e puntos de vista orixinais e ben argumentados.

En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.

Por faltas de ortografía nun exame poderase descontar ata un punto. O alumno/a deberá coidar tamén a presentación.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

PREGUNTA 1 (2 puntos)

OPCIÓN A

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- d) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, influencias, iniciativas ...
- e) Información acerca dos temas e características máis relevantes do teatro clásico europeo, entre outros, o teatro francés e isabelino
- f) Introducción de exemplos de autores e obras. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra

OPCIÓN B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos destacables, referencia ao movemento cultural do Renacemento...
- b) Información acerca dos temas, motivos ou tópicos así como das características estilísticas e formais máis destacables da lírica do amor no Renacemento: novos enfoques ao redor do tema do amor, nova métrica...
- c) Introducción de exemplos de autores e obras representativas. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra

PREGUNTA 2 (1 punto, 0,20 por resposta acertada)

Tanto nunha opción como na outra a resposta só puntuará no caso de que a relación entre os tres elementos sexa correcta.

Non penalizan as respostas incorrectas.

OPCIÓN A

1	Decamerón	G. Boccaccio	Literatura medieval
2	Madame Bovary	G. Flaubert	Realismo

Criterios de Avaliación / Corrección

3	As flores do mal	Ch. Baudelaire	Simbolismo
4	Alicia no país das marabillas	Lewis Carroll	Literatura inglesa da época vitoriana
5	Edipo Rei	Sófocles	Literatura grega

OPCIÓN B

1	Robinson Crusoe	Daniel Defoe	Novela de aventuras do XVIII
2	As Metamorfoses	Ovidio	Literatura latina
3	Os miserables	Victor Hugo	Romanticismo
4	O tambor de folla de lata	Günter Grass	Literatura alemá, século XX
5	O señor dos aneis	Tolkien	Literatura fantástica, século XX

PREGUNTA 3 (7 puntos)

OPCIÓN A e B

Os alumnos/as deberán realizar unha análise literaria a partir de criterios obxectivos e explícitos. O alumnado poderá seguir a estrutura das cuestións ou atender a estas nun comentario globalizado.

O estudante deberá saber situar o autor na súa época histórica e no período literario ao que pertence. Deberá coñecer a obra á que pertence o fragmento e a produción literaria do autor/a.

O alumnado deberá concretar o tema do fragmento, comentalo, localizalo, aproximadamente, no fío argumental da obra e relacionalo co contido xeral.

O estudante describirá o texto de acordo a criterios de tipoloxía textual, xéneros e modalidades discursivas, e sinalará os recursos formais deste.

Por último o estudante elaborará un comentario crítico, persoal e argumentado sobre o fragmento ou poema proposto. Neste comentario valorarase positivamente a achega de xuízos e ideas coherentes que reflectan unha visión madura e non simplista do tema, tamén a inclusión de ideas e puntos de vista orixinais e ben argumentados.

En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.

Por faltas de ortografía nun exame poderase descontar ata un punto. O alumno/a deberá cooidar tamén a presentación.